

A concesión das bonificacións establecidas neste apartado realizarase a solicitude do interesado previa acreditación do recoñecemento pola Consellería competente da Comunidade Autónoma da condición de titular de familia numerosa na categoría que corresponda, nos termos establecidos no art. 4 da Lei 40/2003 de 18 de novembro (B.O.E. num. 277 de data 19/11/2003).

As bonificacións establecidas neste apartado terán unha duración de cinco anos, sendo aplicables a partir do exercizo tributario seguinte ao da súa concesión.

4.1.2 Bonificacións ás explotacións agrarias.

1.- Gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico – artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos.

2.- A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da solicitude se esta se presenta antes do 1 de outubro, ou do seguinte no caso de presentarse a partir de dita data.

3.- Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coas facendas estatal, autonómica e local, nin coa Seguridade Social.
- Xustificante de recoñecemento da explotación, ou licenza ou comunicación da actividade correspondente.

4.- O interesado deberá comunicar ao Concello calquera modificación na situación da súa explotación que poda afectar a este imposto.

5.- O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.

4.2 Bonificacións obxectivas.

De conformidade co art. 74.1 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establécese unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto a favor dos solares non edificados existentes no Solo de Núcleo Rural.

As bonificacións nas cotas tributarias do Imposto sobre Bens Inmobles serán compatibles con calquera outros beneficios fiscais que poda establecer ou aprobar este Concello.

Artigo 5º.-

No non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Sección 3ª, Subsección 2ª, do Capítulo II, do Título II do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, concordantes e complementarios do mesmo, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL

A redacción definitiva da presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o dezaioito de abril de dous mil dezasete, e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil dezaioito, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

R. 3658

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 22 de novembro de 2017, aprobou a CONTRATACIÓN DE DA SUBMINISTRACIÓN DE PEZAS DE VESTIARIO DE UNIFORME PARA A POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE LUGO DO ANO 2017

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
- b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
- c) **Obtención de documentación e información:**
 - 1. **Dependencia:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
 - 2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
 - 3. **Localidade e C.P:** Lugo, 27002
 - 4. **Teléfonos:** 982.297. 327 / 256 / 186.
 - 5. **Telefax:** 982.297.259.
 - 6. **Correo electrónico:** contratacion@concellodelugo.org
 - 7. **Dirección internet:** www.lugo.gal (Perfil do contratante)
 - 8. **Data límite de obtención de información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.
- d) **Número de expediente:** 42/2017

2.- Obxecto do contrato.

- a) **Tipo de contrato:** subministración
- b) **Descrición:** adquisición de pezas de vestiario de uniforme para a Policía Local do Concello de Lugo segundo as características sinaladas no prego de prescricións técnicas
- c) **División por lotes:** NON
- d) **Lugar de execución/entrega:** Concello de Lugo .Sede actual da Policía Local na Rúa das Artes 33-35 en Lugo.
- e) **Prazo de duración/ Prazo de execución:** O prazo de subministración da totalidade das pezas de vestiario de uniforme será o seguinte:

Para a toma do talle de cada policía local un máximo de dez días naturais dende a data de formalización do contrato de conformidade coa cláusula 6ª do prego de prescricións técnicas.

Para a entrega das pezas fíxase un prazo máximo de 30 días naturais dende a petición correspondente, unha vez realizada a comprobación da talla, todo elo sen prexuízo da redución do prazo ofertado polo adxudicatario.

- f) **Admisión de prórroga:** Non
- g) **Establecemento de acordo marco:** Non
- h) **CPV 2008 :** 18115200-0 Uniformes de policía.

3.- Tramitación e procedemento:

- a) **Tramitación:** ordinario
- b) **Procedemento:** aberto
- c) **Criterios de adxudicación:** Ver **cláusula décimo segunda** dos pregos de cláusulas administrativas.

4.- Valor estimado do contrato: 41.175. euros

5.- Orzamento base de licitación

41.175 euros máis o IVE (21%) . Total. 49.821,75 euros IVE incluído

6.- Garantías:

- a) **Provisional:** NON procede
- b) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

7.- Requisitos específicos do contratista.

- a) **Solvencia:** A sinalada na **cláusula sexta** do prego de cláusulas administrativas
- b) **Clasificación:** NON
- c) **Outros requisitos:** ver **cláusula quinta** do prego administrativo por si tivera outros requisitos de habilitación

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

- a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise inhábil prorrogarase ata o seguinte día hábil.
- b) **Modalidade de presentación:** formato papel.
- c) **Lugar de presentación:**
1. **Dependencia:** Concello de Lugo nas Oficina do Rexistro ou enviadas por correo postal.
 2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197
 3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002
- d) **Admisión de variantes:** Non
- e) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta:** 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

- a) **Entidade:** Concello de Lugo
- b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)
- c) **Localidade:** Lugo
- d) **Data e hora:** O terceiro día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de proposicións ás 13:00 h. agás modificación publicada con antelación no Perfil do contratante.

10.- Gastos dos anuncios: 164,58 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

12.- Obrigas contractuais esenciais. Este contrato ten condicións esenciais e especiais de execución establecidas nas cláusulas décimo sexta e décimo oitava configuradas como obrigas contractuais esenciais.

Lugo, 11 de decembro de 2017.- TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 3670

MEIRA**Anuncio**

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 5/12/2017 o orzamento xeral para o exercicio 2018, bases de execución e o anexo de persoal para dito exercicio.

O que se fai público, de conformidade co establecido no artigo 20.1 do R.D. 500/1990, de 20 de abril, en relación co artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado mediante R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, aos efectos de que os interesados poidan examinarlo en dependencias municipais e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que serán dirixidas ao señor alcalde, durante o prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.

Dito orzamento considerárase definitivamente aprobado, se ao remate do período de exposición pública non se presenta ningunha reclamación.

Meira, 5 de decembro de 2017.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez

R. 3659

OUROL**Anuncio**

O Pleno do concello de Oural, en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e tres de outubro de dous mil dezasete, aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 5, reguladora do Imposto sobre bens inmoables de natureza rústica e urbana.

Téndose publicado o anuncio de información pública por prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 246, do xoves, vinte e seis de outubro de dous mil dezasete, sen que durante o devandito prazo se tivera formulado ningunha reclamación ou suxestión. Consonte ao preceptuado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, enténdese definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. De conformidade co disposto no artigo 70.2, da Lei 7/1985, de 2 de abril, procédese á súa íntegra